

CELLO CONSTELLATIONS

Concerto de Sul Ponticellas e Conxunto de Violoncellos e Piano

Clase de Alejandra Díaz do CSM de A Coruña
Coa colaboración do pianista José Manuel Yáñez

Obras de Handel, Shostakovich, Popper, Menotti
Durán, Lara, Gardel e Bizet

Intérpretes:

Verónica Valido, Paula García, Jessica Gonçalves
Lorena Yáñez, Alejandra Díaz e José Manuel Yáñez

Auditorio Andrés Gaos, CSM A Coruña

Martes, 14 de abril 2026. 19:00 h.



CSM
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

PROGRAMA

Conxunto de violoncellos e piano

G.F. Handel, Trío Sonata, Op.2, nº8 en sol menor HWV 393 (Transc. H. Beyer)
I. Andante, III. Largo

Verónica Valido, Alejandra Díaz, violoncellos
José Manuel Yáñez, piano

D. Shostakovich, Cinco pezas para dous violoncellos e piano, Op.97
(Transc. L. Atovmayan)

Preludio
Moderato - Poco piu mosso - Tempo primo

Paula Garcia, Alejandra Díaz, violoncellos
José Manuel Yáñez, piano

D. Popper, Requiem para tres violoncellos e piano, Op. 66
Andante sostenuto

Alejandra Díaz, Paula García, Jessica Gonçalves, violoncellos
José Manuel Yáñez, piano

G.C. Menotti, Suite para dous violoncellos e piano
I. Introduction III. Arioso

Alejandra Díaz, Lorena Yáñez, violoncellos
José Manuel Yáñez, piano

J. Durán, Romanza Camariñana e Fantasía sobre Lela

Alejandra Díaz, violoncello
José Manuel Yáñez, piano

Cuarteto Sul Ponticellas

A. Lara, Granada (Arr. Cuarteto Sul Ponticellas)
C. Gardel, Por una cabeza (Arr. Cuarteto Sul Ponticellas)
G. Bizet, Fantasía sobre Carmen (Arr. David Burndrett)

Lorena Yáñez, Verónica Valido, Paula García, Jessica Gonçalves

Din que o cosmos é da cor do café con leite!

O programa **Cello Constellations** propón un percorrido por diferentes épocas, estilos compositivos e linguaxes musicais a través da sonoridade cálida, expresiva e profunda do violoncello e a súa íntima relación co piano. Do refinamento barroco ata o lirismo da ópera, pasando pola paixón do tango arxentino e a música contemporánea, este recital nos transporta polos diversos estilos que converxen nun mesmo espazo sonoro.

O Trío Sonata en sol menor do compositor anglo-xermánico **George Frideric Handel** (1685-1759) pertence a unha colección publicada en Londres no 1733 e constitúe un magnífico exemplo do estilo instrumental barroco. Escrita orixinalmente para dous violíns e baixo continuo, a obra caracterízase polo seu equilibrio formal e a elegancia das súas liñas contrapuntísticas. A transcripción de H. Beyer permite trasladar esa escritura dialogante ao timbre cálido do dúo de violoncellos. No *Andante* que escoitaremos, a escritura contrapuntística se suaviza, dando prioridade á melodía cantabile do violoncello, que se desprega cunha elegancia serena e nobre sencillez.

O universo sonoro de **Dmitri Shostakovich** (1906-1975) introduce un contraste expresivo co Preludio das Cinco pezas para dous violoncellos e piano, Op. 97, en transcripción de Lev Atovmayan, colaborador cercano do compositor. Nesta breve peza percíbese o característico lirismo do autor, onde unha melodía expresiva e intensa se sostén sobre unha harmonía sobria e concentrada.

No ámbito do virtuosismo romántico destaca o Requiem para tres violoncellos e piano do compositor bohemio **David Popper** (1843-1913) un dos grandes cellistas do século XIX. A obra combina un carácter elixiaco con pasaxes de gran brillo instrumental, reflexando tanto o dominio técnico do compositor como a súa profunda comprensión das posibilidades expresivas do instrumento.

A Suite para dous violoncellos e piano do compositor italo-estadounidense **Gian Carlo Menotti** (1911-2007), é unha obra que destaca por afastarse das vangardas atonais da súa época. A escritura de Menotti mantén unha forte vocación melódica e teatral, herdeira da súa experiencia como compositor operístico. A *Introducción* da suite, desprega un diálogo inmediato entre os dous cellos cunha escritura elegante e transparente, pero cargada de expresividade contida, onde cada instrumento aporta o seu color e personalidade. Este movemento introductorio serve como limiar entre a tradición clásica e a sensibilidade contemporánea. O *Arioso* destaca polo carácter cantabile e lírico, converténdose no corazón emotivo da suite. Aquí, Menotti explora a capacidade do cello para emular a voz humana, con frases que flúen de xeito natural e se sosteñen sobre un acompañamento delicado do piano. A peza invita ao oínte a sumersirse nesta expresión afectiva, onde a simplicidade formal se transforma nunha gran forza expresiva.

A música do compositor galego **Juan Durán** (1960) introduce unha dimensión contemporánea e profundamente vencellada á tradición musical da súa terra. A *Romanza Camariñana*, xerme do álbum *BERCE* de Alejandra Díaz, é unha obra neorromántica que nos traslada á costa atlántica galega. Inspirada no Alalá de Camariñas, a peza explora as capacidades virtuosísticas do cello ao tempo que nos evoca sentimentos de tenrura e nostalgia. Noutro conmovedor arranxo para cello e piano tamén adicado á cellista e inspirado na emblemática canción de Lela, a *Fantasia sobre Lela* tórnase nunha peza de carácter lírico, a través do evocador e profundo canto do violoncello.

A música popular latinoamericana faise presente con dúas xoias do repertorio como *Granada* do mexicano **Agustín Lara** (1897-1970) e *Por una cabeza* do franco-arxentino **Carlos Gardel** (1887-1935). Ambos arranxos do Cuarteto Sul Ponticellas, son pezas que destacan pola súa intensidade melódica e carácter cantabile, conectando coa emoción directa do tango e o romanticismo da canción popular.

O programa culmina coa *Fantasia sobre Carmen* de **Georges Bizet** (1838-1875) onde escoitaremos a célebre Habanera, coa súa sensualidade e inconfundible cadencia, nun arranxo de David Burndrett que desprega brillantes melodías combinando o expresividade instrumental co lirismo dramático da ópera. A *Fantasia* é un *tour de force* que ofrece ao público un peche efervescente e luminoso, celebrando tanto a herdanza operística como a capacidade do violoncello de asumir papeis expresivos moi diversos.

Sul Ponticellas é un cuarteto de violoncellos internacional creado en marzo de 2025 polas intérpretes Lorena Yáñez, Jessica Gonçalves, Paula García e Verónica Valido, estudantes de grao no CSM da Coruña baixo a tutela de Alejandra Díaz. Gracias á súa ampla experiencia artística como integrantes de bandas municipais, agrupacións camerísticas e orquestras sinfónicas, o cuarteto ofrece un repertorio moi variado, que abrangue desde obras clásicas e do repertorio operístico ata adaptacións e arraxos da música actual, cunha representación de estilos tan diversos como o tango, a balada, o pasodobre, o pop e o rock, entre moitos outros. Ao longo do seu primeiro ano de traxectoria, o cuarteto Sul Ponticellas ofreceu numerosos concertos e actuacións en cerimoniais e sesións vermú polo territorio español e foron entrevistadas en medios radiofónicos e xornalísticos como Radio Voz Coruña e La Voz de Galicia. Na primavera do 2026, as Sul Ponticellas realizarán o seu debut no CMUS de Ourense, o Auditorio Andrés Gaos e o Auditorio Martín Codax de Vigo.

Alejandra Díaz foi premiada coa Carnegie Palmer Award e finalista do Galardón Internacional Pablo Casals no 2012. Un ano despois, tras ser seleccionada no LSO String Experience Scheme, converteuse na primeira violoncellista da historia en tocar xunto á Orquestra Sinfónica de Londres. Realizou o Guildhall Artist Master of Performance e o Bachelor Honours Degree pola Guildhall School of Music & Drama de Londres e a City St George's, University of London no 2014 e 2011 respectivamente. No 2022 obtivo o posto de violoncellista principal asociada da Ópera de Tel Aviv. Foi convidada a numerosos festivais internacionais. Actuou en prestixiosas salas de concertos de España, Portugal, Italia, Inglaterra, Israel e Emiratos Árabes Unidos, baixo a batuta de recoñecidos directores de orquestra como Daniel Harding, Lorenzo Viotti, Valery Gergiev, Sir Colin Davis, James Gaffigan, Paul Daniel, David Afkham, Stephen Barlow, Günter Pichler, Dima Slobodeniouk, Jesús López Cobos, Juanjo Mena, Takuo Yuasa, Sian Edwards, Jaime Martin, Alexander Bloch, Jakub Hrůša, Leif Segerstam, Manuel Hernández-Silva, Antoni Ros Marbá, Michail Jurowski, Christoph König ou Dan Ettinger, entre outros. No 2023 publicou o seu primeiro proxecto discográfico BERCE. Semifinalista dos Premios MIN 2024 e destacado pola crítica, o álbum homenaxea a súa terra natal a través de arranxos propios e do célebre compositor Juan Durán. Imparte clases maxistras en Portugal, España e Italia. Na actualidade compaxina a súa actividade concertística coa docencia e a investigación, como catedrática de violoncello no CSM da Coruña e doutoranda pola USC. Alejandra é artista embaixadora de Thomastik-Infeld e GEWA Strings.

José Manuel Yáñez Carballeira estudou no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a tutela da concertista e profesora Natalia Lamas e realizou o Máster en Interpretación de Piano pola Universidade da Coruña, impartido polo profesor e concertista Albert Attenelle. Actuou como solista e instrumentista de cámara en diversas formacións como a Joven Orquesta Nacional de España, Orquestra de Cámara Nemet, Orquestra de Cámara Municipal da Coruña, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra de Cámara Galega e a Banda Municipal da Coruña. A súa carreira concertística levouno a actuar en varios países como Cuba, Francia, Reino Unido, Portugal, Rusia e Italia. En 1991 fundou o Trío Groba xunto ao violinista Rogelio Groba e a violoncellista Clara Groba. Posteriormente incorporouse á Orquestra de Cámara Galega. Foi convidado en varias ocasións a formar parte do xurado do Concurso Internacional de Piano de Ferrol, do Premio ASGAIM e do II Concurso de Novos Intérpretes Hernán Naval en Ribadeo, Lugo. Impartiu clases maxistras en Cuneo e Cosenza, Italia. Tamén foi membro de numerosas agrupacións como o Ad Rem Duo, Quidam Trio, 2x4 Duo, Stravinsky Ensemble, Firebird Project, Krøkes Ensemble, Proxecto Encontros e Grieg Ensemble. En 2010, gravou un proxecto discográfico coa clarinetista Lola García, así como a obra completa para piano a catro mans de Marcial del Adalid, compositor gallego do século XIX, con Genaro Fernández. Posteriormente, gravou álbums cos clarinetistas Alejandro Peiteado e David Lamas e coa soprano María Victoria Álvarez.